

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D^a. Lidia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 190/2024 do 12/02 quedaron fixadas as Xuntas de Goberno Local ordinarias para o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 15:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 02/03/2026

Hora: 15:30 horas a 1.ª convocatoria e, se procedese, ás 16:30 horas a 2ª.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas das sesións da Xunta de Goberno local

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 16/02/2026. Acta 03/2026.

2.-Xestión económica.

2.1.-Aprobar se procede a prórroga do Lote 4 do contrato de SERVICIOS DE LIMPEZA DE CENTROS SOCIOCULTURALS, incluído no contrato de SERVICIO DE LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPALS DO CONCELLO DE OROSO (EXPDTE:2021/C004/000017).

2.2.-Aprobar se procede a prórroga do Lote 3 do contrato de SERVICIOS DE LIMPEZA DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS INCLUÍDO NO CONTRATO DE SERVICIO DE LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE OROSO (EXPDTE:2021/C004/000017)

2.3.-Aprobar, se procede o recoñecemento das obrigas correspondentes ás facturas relacionadas e incluídas na conta 413, expediente incorporación de remanentes 1/2026 (EXP. 2026/G006/000018).

2.4.-Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 10/2026 preparadas polo servizo de intervención polo importe total de 100.664,61 euros (EXP. 2026/G006/000019).

2.5.-Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 11/2026 preparada polo servizo de intervención polo importe total de 7.338,69 euros (EXP. 2026/G006/000020)

3.Xestión urbanística

3.1.- EXP. URB 21/2008 (TEDEC 2022/X999/000591). Aprobar se procede a declaración de innecesariedade de licenza de segregación solicitada por D. José María Vilares Bouza para parcela de cesión de viarios procedente da finca 1272 do plano de concentración parcelaria de Oroso, Gándara, Deixebre, Trasmonte. Referencia catastral 15061A501012720000MR.

3.2.-EXP. URB 90/2025 (TEDEC 2025/U026/000061) Dación de conta da comunicación previa presentada por D. Alejandro Domínguez Costa para colocación de trasdosado interior de cartón – xeso en vivenda en vivenda existente na rúa Xuncal nº 18, 1º – A de Sigüeiro.

3.3.-EXP. URB 1/2026 (TEDEC 2026/U022/000001) Aprobar se procede a licenza de legalización solicitada por Madeiras Irmáns Castro SL para legalización de edificacións existentes nas parcelas 2401 e 2402 do plano de concentración parcelaria de Oroso – Gándara – Deixebre – Trasmonte, parroquia de Oroso.

3.4.-EXP.URB 9/2025 (TEDEC 2025/u022/000001) Aprobar se procede a concesión de licenza de legalización solicitada por Sigüeirotrans SL para 3 naves industriais acaroadas para almacén de materiais de construcións (produtos inocuos), na rúa Eduardo Pondal, nº 4,6 e 8 do Parque empresarial de Sigüeiro.

II PARTE DE CONTROL

4 Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de



acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.orosogal/opencms/es>).

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.

Federico Suárez Canelo.